

LICENZA DE PARCELACIÓN ou INFORME DE INNECESARIEDADE DE LICENZA

SOLICITANTE	Nome e apelidos ou razón social		DNI / NIF	
	Enderezo:		Correo electrónico	
	Municipio	Provincia	Código Postal	Teléfono

REPRESENTANTE	Nome e apelidos		DNI / NIF	
	Enderezo:		Correo electrónico	
	Municipio	Provincia	Código Postal	Teléfono
Non se admite representación sen presentación de poder				

DATOS DA ACTUACIÓN

LICENZA ou INFORME INNECESARIEDADE	
EMPRAZAMENTO	
REFERENCIA CATASTRAL	
SUPERFICIE FINCA A PARCELAR	
Nº PARCELAS RESULTANTES	
OUTROS EXPEDIENTE RELACIONADOS	
DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN A REALIZAR	

DECLARACIÓN

- Consonte co establecido na normativa de aplicación, declaro baixo a miña responsabilidade:
- Que son certos os datos que figuran na presente solicite e documentación aportada.
 - Que se achega toda a documentación preceptiva.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1.-NO CASO DE LICENZA DE PARCELACIÓN

- ☐ Impreso de solicitude de licenza asinado polo promotor da obra ou polo seu representante, acreditando en tal caso, dita representación
- ☐ Copia do DNI do solicitante. En caso de representación DNI do representante e poder suficiente.
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos xunto co impreso de autoliquidación.
- ☐ Escritura pública de propiedade do terreo. Dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.
- ☐ Pro forma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite
- ☐ Proxecto redactado por técnico/a competente. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificación) do/a técnico/a dos/as técnicos/as redactores do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade. Deberá incluír:

- Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso ao que se pretenden destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento municipal e ao réxime legal de formación de parcelas e predios.
- Plano de situación do planeamento municipal, sinalando a parcela onde se solicita a licenza e con indicación da súa referencia rexistral e catastral.
- Superposición do plano parcelario sobre o plano de cualificacións urbanísticas.
- Plano parcelario do predio, como mínimo a escala 1:200 e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos.
- Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. Deberán especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.
- Reportaxe fotográfica da parcela, subscrita polo/a solicitante ou pola ou polo técnico redactor do proxecto.

2.-NO CASO DE INFORME DE INNECESARIEDADE

- ☐ Impreso de solicitude de innecesariedade asinado polo solicitante ou polo seu representante, acreditando en tal caso, dita representación
- ☐ Copia do DNI do solicitante. En caso de representación DNI do representante e poder suficiente.
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos xunto co impreso de autoliquidación.
- ☐ Certificación/s rexistral/s da titularidade da/s finca/s e cargas. En fincas inmatriculadas, testemuña dos títulos xustificativos da propiedade.
- ☐ Documentación técnica, redactada por técnico competente, co seguinte contido mínimo:
 - Memoria no que se describa o predio, coa súa referencia catastral; descrición das súas superficies, lindeiros e localización, situación urbanística e clases de solo que lle afecten , así como a descrición dos predios resultantes da segregación, con expresión das superficies e lindeiros.
 - Pro forma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.
 - Plano de situación do predio Deberá indicarse a súa referencia rexistral e catastral.
 - Plano de deslinde acoutado da parcela orixinal a escala adecuada, indicando as construcións existentes.
 - Plano parcelario da parcela, a escala axeitada e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos indicando a superficie e lindeiros das fincas resultantes, así como as construcións existentes e no que se reflicta a aliñación oficial, cos mesmos parámetros cos que foi fixada polos servizos técnicos municipais, delimitando as superficies fóra da aliñación.
 - Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas .
 - Ficha individualizada de cada parcela resultante, preferentemente en DIN A4, co mesmo contido que os proxectos de parcelamento.

Artigo 69.4. da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar."

Segundo o artigo 28 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos necesarios para a tramitación do expediente/trámite/procedemento/solicitude.

En caso contrario, no que **NON** outorgue o consentimento para a consulta, marque o seguinte recadro.

☐ Non dou o meu consentimento/opóñome/non concedo/ denego a miña autorización para que se consulten os datos que poidan recadarse de outras administracións e sexan necesarios para a resolución de este expediente/trámite/procedemento/solicitude e aporte datos e certificados requiridos pola solicitude ou que me sexan requiridos.

Polo exposto, SOLICITA de Vde., que previos os trámites oportunos lle sexa concedida a oportuna LICENZA MUNICIPAL DE PARCELACIÓN / SEGREGACIÓN/ DIVISIÓN TERREOS.

Ponte Caldelas, a

Asinado:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPd 2016/679 e LOPDGD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DE PONTE CALDELAS; **FINALIDADES DO TRATAMENTO:** A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma; **LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo o artigo 6.1.e) do RXPd. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda (artigo 6.1.a do RXPd); **DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.; **PAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable; **EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica, no enderezo Avda. de Galicia, nº 17, 36820 Ponte Caldelas, Pontevedra ou enviando un correo electrónico a dpd@pontecaldelas.gal; **CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** dpd@pontecaldelas.gal